

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A SOCIEDADE BENEFICENTE ROSALÍA DE CASTRO DE SAO PAULO, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA ACOLLIDA NO CENTRO DE ASISTENCIA SOCIAL DE SAO PAULO (BRASIL)

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Por una banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, (en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril), en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E pola outra, Inmaculada Figols Costa, presidenta da Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, segundo consta na acta de eleccións da entidade do 29 de abril de 2025, actuando no seu nome e representación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura da presente addenda e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

O seu artigo 49 establece que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito da emigración e do retorno, ao que lle corresponden, entre outras, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade; en particular, son competencias desta secretaría xeral as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento.

Segundo. O 15 de abril de 2025, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinou un convenio de colaboración coa Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo (Brasil).

Na cláusula primeira do convenio sinálase que o seu obxecto é establecer o marco da colaboración as entidades asinantes co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de asistencia social desta última.

Terceiro. A Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo, Brasil, é unha entidade sen fins de lucro, rexistrada como centro colaborador no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración. Posúe un centro de asistencia social, que é unha obra de beneficencia, inaugurado o 22 de febreiro do 1983 para a acollida e apoio socio asistencial de persoas maiores e dependentes, a través da súa atención integral con servizos de carácter preventivo, de saúde e asistenciais, dirixidos a procurar un envellecemento saudable. Desta actividade benefíciase a colectividade de orixe galego residente na cidade de Sao Paulo e municipalidades limítrofes que se atopa nunha situación de necesidade.

Cuarto. Na cláusula cuarta do convenio establécese unha achega económica por un importe de vinte mil euros (20.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Na cláusula terceira, obrigas das partes, a Sociedade Beneficente Rosalía de Castro de Sao Paulo comprométese a prestar os servizos obxecto do convenio nos termos establecidos nel e informar periodicamente á Secretaría Xeral da Emigración dos resultados desta iniciativa.

Debido á situación social, política e económica pola que está a atravesar o país e sobre todo ao aumento do custo dos gastos de funcionamento do centro, a Sociedade Beneficente Rosalia de Castro de Sao Paulo ten graves dificultades co financiamento previsto inicialmente neste ano para o mantemento do centro de asistencia social, polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas galegas acollidas alí, é preciso incrementar o importe da achega en 10.000€.

As partes, actuando no exercicio do seu cargo e representación,

ACORDAN

Cláusula primeira. Incrementar en 10.000 € a achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración prevista na cláusula cuarta, que queda redactada do seguinte xeito no primeiro parágrafo:

"Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025"

Cláusula segunda. Modificar o prazo de xustificación e o de vixencia recollidos na cláusula oitava parágrafo primeiro, que queda redactada do seguinte xeito:

"A data limite para presentar a documentación xustificativa será o 10 de decembro de 2025"

e na cláusula décimo sexta, que queda redactada do seguinte xeito no parágrafo primeiro:

"Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen".

En proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

A presidenta da Sociedade
Beneficente Rosalía de Castro

José González Vázquez

Inmaculada Figols Costa

